

Tobío no Seminario de Estudos Galegos

Francisco MASEDA

“A Universidade e os centros culturás do país, viven de costas ós problemas que non son privativos. E así van xurdindo as novas xeneracións, desvencelladas da realidade que as arrodea, desconocedoras e indiferentes á historia, á xeografía, á economía e ó idioma propios, como si se sentisen estranxeiros na terra que os ollou nacer. Soio unha minoría de intelectúas calificados e de personalidades da cultura, traballa adoito e sin acougo pra impedir que o noso esprito e as nosas características de pobo se perdan de xeito definitivo. Istes homes da cultura teñen fè na galeguización de Galicia; e saben, ademáis, que non se crea unha patria con lapsos de ociosidade e de parvura, sinon traballando día a día, ainda nas xeiras menos propicias”.

Francisco Fernández del Riego¹

UN VENCELLO INDISOLUBLE

Se calquera estudante da Universidade de Santiago de Compostela se achega polo Campus Sur da vella Alma Mater, ollará como lindando co edificio de Xestión Académica do dito Campus, perante a atalaia esculcadora da Facultade de Dereito e fronte á Facultade de Farmacia, hai un pequeño illote arborado, para moitos de ignorado nome e orixe. O lugar non é outro ca praza do Seminario de Estudos Galegos.

Hoxe en día non se podería entender boa parte da Historia de Galicia sen a Universidade Compostelana² e é precisamente ela o cerne da meirande institución cultural³ contemporánea creada ó abeiro do estudo da ciencia e a cultura do noso país, o Seminario de Estudos Galegos –dende agora SEG–, un exemplo de modernidade en tempos de prohibicións. Neste senlleiro fito, no que tomaron parte, como veremos, o mellor de diversas xeracións de intelectuais de Galicia, tivo un importante papel un dos poucos, pero valiosos estudan-

tes universitarios da Compostela daquel entón, Lois Tobío.

A andaina do SEG comeza no ano 1923 baixo a ditadura do xeneral Primo de Rivera e finará paradoxalmente no 1936 coa chegada ó poder doutro réxime ditatorial instaurado tamén por un xeneral, por enriba, galego de nacemento. O percorrido do Seminario neses catorce anos, nove meses e seis días de vida, dende que os fundadores fixeran a excursión á casa do Castro de Ortoño ata o estoupido o 18 de xullo da Guerra Civil, supón inda hoxe en día a fazaña máis grande ata hoxe levaba a cabo a prol do coñecemento, tras séculos de desleixamento imposto, da árbore científica e cultural galega.

UN SEMINARISTA DE DEZASETE ANOS

O comezo da ditadura de Primo de Rivera coincide co inicio dos estudos universitarios de Lois Tobío. Un aínda adolescente Tobío se matricula no curso preparatorio de Dereito, común tamén á

¹ “A emigración e a cultura”. *Primeiro Congreso da Emigración Galega feito desde o 24 ao 31 de xulio de 1956*. Bos Aires, Editorial Nós, 1959, p. 163.

² Palabras de Lois Tobío no gallo do cincuenta aniversario da aprobación do Estatuto de 1936. “O Seminario naceu na nosa Universidade, creada por estudantes dela e secundado por profesores dela. A universidade –entendendo coma tal non somente o orgaismo administrativo que é, mais coma, ao vello estilo tradicional, a comunidade de profesores alumnos, unidos pola arela de saber–. A nosa Universidade, digo, estivo en moitos momentos avencellada aos movementos de liberación de Galicia dunha ou doutra maneira. O banquete de Conxo, o rexionalismo de Brañas e de Cabeza de León, o noso Seminario e todo o que ven despois son delo boa testemuña”.

³ Como “precedentes” mencionaremos que en Galicia existía un Instituto de Estudos Gallegos da Coruña, do que se fala en *A Nosa Terra*, ano III, nº 195, 1º de Nadal de 1923, p. 3. “Na Universidad Compostelá. Seminario de Estudos Gallegos”: “*Na Cruña ven funcionando tamén un Instituto de Estudos Gallegos. Mais francamente, parécenos que nen a sua orientación nen a intensificación do seu traballo fará gran cousa en ben de Galicia*”. Dentro do Estado Español, xa uns anos antes, os cataláns crearan en 1907, por iniciativa de Prat de la Riba, o Institut d’Estudis Catalans, e en 1918, en Euskadi, constituíran a Sociedade de Estudos Vascos.

licenciatura de Filosofía e Letras. É nela onde se xesta, xa que logo e segundo nos relata o propio Tobío na súa autobiografía, a chamada *As Décadas de T.L.*⁴, a creación do SEG. O promotor da iniciativa fora Wenceslao Requejo Buet, despois a mesma é trasladada a Fermín Bouza Brey, quen a pon en coñecemento do mestre Armando Cotarelo. Este convoca unha xuntanza na súa casa onde se sentan as bases do Seminario. Como xesto simbólico, varios dos estudantes, influídos polas informacións que Lois Tobío dá sobre a súa parente Rosalía a Bouza, deciden facer unha camiñada a pé á Casa do Castro de Ortoño, tal e como figura na Actas do Seminario. Inda así, o SEG é constituído formalmente o 21 de outubro de 1923 na casa do profesor Armando Cotarelo, que se converterá no primeiro presidente da institución.

Ó igual que o de Viveiro, moitos dos membros e colaboradores do Seminario serán estudantes e profesores da recentemente creada licenciatura de Historia, implantada en 1922, inserida na Facultade de Filosofía e Letras. Á que hai que engadir tamén a de Dereito ou a de Químicas, pertencente á Facultade de Ciencias, da que sairán outros importantes compoñentes do SEG. Nos primeiros tempos, a Facultade de Filosofía e Letras cede os seus locais ó Seminario, e outra Facultade, a de Ciencias, tornarase co paso dos anos na sede dos Laboratorios da Institución. Por outra banda, cabe

mencionar que en 1926 o SEG múdase ó Colexio de San Clemente, grazas ó préstamo do local por parte da Sociedade Económica⁵, para finalmente instalarse no Colexio de Fonseca, ata a súa incautación polas autoridades franquistas, recuperando así o seu vencello coa Universidade.

O SEG significou a existencia dunha institución cultural, destinada á investigación científica, xunguida á *alma mater* Compostelana⁶, dela nutriuse, foi a perfecta canteira da que tirou dos mellores profesores e alumnos universitarios⁷. Pero tamén ó labor do SEG uníuselle o grupo *Nós*⁸, o mellor dos intelectuais do galeguismo e moitos dos investigadores que se atopaban por aquel entón en Galicia.

Xa que logo, ó pouco xuntáranse á iniciativa o principal triunvirato ourensán de *Nós*, Pedrayo, Risco e Cuevillas, cos de Pontevedra, Castelao e Losada Diéguez, e da Coruña, Antón Villar Ponte, Leandro Carré Alvarellos, LUGRÍS Freire e Gonzalo López Abrente, entre outros nomes. De importancia crucial foron as axudas de Leandro Carré e a súa editorial *Lar*, posteriormente a de Ánxel Casal que sacará ó prelo os *Arquivos* do SEG, e tamén Xoaquín Arias Sanjurjo que, malia a súa orixe fidalga, mudara o seu domicilio, deixando o seu pazo en Monforte, a Santiago para estar a carón do Seminario e doaralle a este a súa biblioteca, mobles antigos e pezas de arqueoloxía. Ou a adhesión de dous

⁴ Tobío, Lois, *As Décadas de T.L.* (a partir de agora *D.T.L.*). Sada, Edicións do Castro, 1994, pp. 123, 124 e 125. Para ollar as distintas versións sobre este fito, véxase, Mato, Alfonso, *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada, Edicións do Castro, 2001, pp. 137-140. Véxase tamén Xosé Filgueira Valverde, "A revistaña ?Adral?, 1925", *VIII Adral*. Edicións do Castro, 1994, p. 241. Di Filgueira que na casa de Tobío se argallou a creación do Seminario e colexiouse o Vocabulario Popular Galego Castelán, do cal falaremos máis adiante.

⁵ Salvador Cabeza de León, "A Universidade de Sant-Yago e o Seminario de Estudos Galegos", *A Nosa Terra*, ano XI, nº 239, 25-VII-1927, p. 3. Sobre o traslado ó local cedido pola Sociedade Económica: "*Pro este troque de casa non mingou no mais pequeno anaco o fervente amor do Seminario pol-a Alma Mater. Dela considérase fillo: a separación que as circunstancias lle impuxeron, non rompen a forte lazada de cariño e respecto que liga o noso Centro coa vella Escola*".

⁶ Mato, *opus cit.*, pp. 28-29. Neste período, o mesmo no que se vai desenvolver a historia do Seminario, a Universidade coñecerá o afianzamento das novas licenciaturas, o incremento do número de alumnos, a renovación do profesorado, a aparición do movemento estudantil, do proxecto da Residencia de Estudantes e dunha incipiente galeguización. Homes coma Ciriaco Pérez Bustamente, Luis Pericot, incorporados á Facultade de Letras por aquel entón, ou figuras senlleiras da ciencia galega, como Isidro Parga Pondal e Luis Iglesias, daquela auxiliares da Facultade de Ciencias, forman parte dese novo profesorado que inserta ventos de reforma na Universidade Compostelana. Tomado de Xosé Ramón Barreiro, "Idade Contemporánea", en "Santiago de Compostela", *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 28, pp. 44-48.

⁷ "O Seminario de Estudos Galegos", *A Nosa Terra*, ano IX, nº 217, 1-X-1925, p. 9. "*A mocidade que en Galicia ten mais valor; cantos nas artes, nas letras ou nos estudos históricos representan un presente glorioso ou un porvir brillante, forman xa nas fileiras dos asociados á tan culta e galeguísima institución, e todos propoñense facer novos estudos encol de temas de intrínseca importancia para Galicia que serán enviados ou lidos no Seminario*".

⁸ Dolores Vilavedra, "Entrevista a Lois Tobío Fernández". *Fermín Bouza-Brey: Día das Letras Galegas 1992*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 1992, p. 137. Manifesta Tobío: "*A colaboración dos de ?Nós? foi certamente importante e mesmo diría esencial. Axiña comezaron a nos mandar traballos e suxerencias e viñan a miúdo a Santiago para estreitar a relación. Non houbo o menor conflito xeracional senón unha irmandade estreita e cordial porque nós os mozos recoñeciamos a superioridade dos maiores e neles apoiabamos para os nosos intentos*". Advírtase que co gallo dalgunha Xuntanza Xeral o outro acto importante, acudían a Santiago moitos dos persoeiros que colaboran co SEG, e Tobío eran quen de gozar así da compañía e maxisterio de egrexias figuras como Castelao, Risco, Pedrayo, LUGRÍS Freire...

homes do clero o arcebispo Manuel Lago, quen sería presidente de honra da Institución ata a súa madrugadora morte, e o sacerdote Xesús Carro, polo que practicamente tódolos sectores sociais de Galicia achábanse implicados no proxecto.

O SEG encetou a súa andaina con reunións semanais na Facultade de Historia. Na Universidade, naquel entón, e fóra dela tamén, non había ningún tipo de formación investigadora e coa ditadura quedaran prohibidas todo tipo de actividades políticas⁹, co que o Seminario tiña que orientarse cara a actividades culturais e de formación:¹⁰

[...] *propoñéndose arrecadar dos galegos axuda pra chegar a ter na nosa Pátrea un nó que cinguise os espallados esforzos dos que traballaban nos eidos da súa cultura. El Seminario de Estudios Gallegos tiene por objeto el estudio de todas las manifestaciones de la cultura gallega, tendiendo a la formación de investigadores y a la divulgación del resultado de los trabajos.*

Nos primeiros cursos do Seminario foron figuras claves o primeiro presidente do mesmo, Armando Cotarelo, González Salgado, decano da Facultade de Letras, o cal puxo a disposición do

Seminario os locais da mesma, e Pablo Pérez Costanti, arquivado municipal do Concello de Santiago, quen axudará a moitos dos estudantes daquel tempo, case que inda uns adolescentes, nas súas pescudas e investigacións.

No tocante ós alumnos, nesta primeira época, destacaban as persoas de Filgueira Valverde e Lois Tobío¹¹. O viveirense, aparte de figurar nas actas do Seminario como socio fundador¹², numerario, activo e protector, quedará encomendado, como tónica habitual ó longo da súa vida, ás tarefas da secretaría¹³: “*O Segretario levará iste libro, será o depositario dos traballos e ouxetos e bens; e o escribano da corporación, refrendando e autorizando todol-os actos e documentos oficias*”.

Inda que non acaba para nada aquí a súa función administrativa, xa que temos constancia, nun artigo asinado por Diego Saavedra y Aguiar¹⁴, de que Tobío e Filgueira Valverde foron os encargados da redacción dos primeiros Estatutos do SEG. Estatutos que serán reformados de novo na Sesión Extraordinaria do 16 de novembro de 1930, para a súa aprobación polo Gobernador Civil da Coruña, Luís Maraver. Nos mesmos Lois Tobío asina como Secretario Accidental.

⁹ Salvador Cabeza León, *A Nosa Terra*, ano XIV, nº 274, 25 de xullo de 1930, p. 17. “Política do SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS”: “*O Seminario de Estudos Galegos vive completamente arredado da política militante. Na súa aitividade toman parte homes de moi distinto modo de pensar, das mais dispares orientacións ideolóxicas, sin que nos anos que leva de vida a nosa institución houberáse producido o máis cativo roce entre as diversas ideoloxías que no Seminario conviven [...] Así, os pobos que como Galicia viviron séculos e séculos soterrados baixo a capa de elementos forasteiros que os desfiguraron facendo desaparecer a súa fisonomía, van, gracias aos continuados esforzos de amadores románticos e da abnegados cultivadores da cultura indíxena, recobrando os seus rasgos propios e afirmando de este xeito cada día con máis visión, a súa personalidade e con ela dereito de exercer con plena autonomía, as funcións á tal persoalidades debidas. E velaí a nosa política. Sin propoñerse facela, pol-o soilo resultado da súa laboura cultural, o Seminario faina no máis nobre e simpático senso da palabra. Fai unha política dinificadora, a úneca, en verdá, que tén poder pra libertar e redimir aos pobos*”.

¹⁰ “Razóns de como se fundóu e tivo desenrolo o Seminario d’Estudos Galegos”, e artigo nº 1 dos “Estatutos” reformados na Sesión Extraordinaria do 16-XI-1930.

¹¹ Mato, *opus cit.*, p. 35. Nos tres primeiros cursos de vida do SEG, as figuras máis sobranceiras do mesmo resultan nesa tempada Armando Cotarelo Valledor, Presidente do SEG, Filgueira Valverde, Secretario de Información e Correspondencia, e Lois Tobío, Secretario. Entre os tres presentan vinte e sete traballos, case a terceira parte dos oitenta e seis presentados. *Vid.* tamén Fernán Vello, Miguel Anxo, Pillado Mayor, Francisco, *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Sotelo Blanco, Barcelona, 1986, p. 44. Corroborá Calero que as principais figuras do SEG entre os estudantes eran Filgueira Valverde e Lois Tobío.

¹² “Os homes, os feitos a verbas”, *Nós*, nº 32, ano VIII, Ourense, 15-VIII-1926, p. 14. Socio nº 5 por orde de ingreso Lois Tobío.

¹³ “Constitucións do Seminario de Estudos Galegos”, Santiago, 27-X-1925, punto nº VI, “Da Seición Direitora”. No tocante ó labor de Secretario, cargo que exerceu Tobío durante os tres primeiros cursos de vida do SEG, 1923-1926, cabe matizar que coa reforma dos Estatutos da Institución aprobados no curso 1926-1927 prodúcense trocos na Xunta Directora, aínda que Mato di nos, *opus cit.*, p. 62, que non atopou constancia nos materiais que se custodian no Instituto Padre Sarmiento deste novo regulamento. A Secretaría, xa que logo, ficou dividida en dous como se ve na Sesión da Xunta Xeral do 12-X-1926, (Mato, *opus cit.*, p. 254). A Secretaría Xeral, posto único que ata entón ocupaba Tobío e que agora pasa a mans de Filgueira Valverde, e a Secretaría de Actas, traballo que lle será encomendado a Lois Tobío e este exercerá ata abril de 1927, tempo no que sería relevado, sen saberse o motivo, por Sebastián González García-Paz, quen parece facerse cargo das dúas Secretarías a un tempo pola dimisión de Filgueira. Aínda así, podemos ollar como Tobío actúa *ad hoc.*, (Mato, *opus cit.*, p. 262), na Sesión do 5-X-1929 e como Secretario Accidental nos novos Estatutos presentados para a súa aprobación ó Gobernador Civil da Coruña o 19 de decembro de 1930.

¹⁴ “Compostela y la cultura. Cómo se trabaja en el Seminario de Estudios Gallegos”, Galicia, 13 de abril de 1924, p. 3. Tomado de Mato, *opus cit.*, pp. 244-246. Na visita de Diego Saavedra y Aguiar ó SEG, para coñecer o funcionamento da institución, este fala con Armando Cotarelo, quen o remite a Filgueira Valverde: “[...] *ahí tiene usted a Filgueira, el secretario de informaciones, el autor con Tobío del Estatuto, él le dará cuantos datos quiera*”.

Malia que a iniciativa partira dun grupo de estudantes, as cousas foron pouco a pouco consolidándose e o poder non se sentiría amedrentado perante un fato de raparigos que se propuña estudar os seus costumes, o seu pasado... As tarefas do SEG tomaron corpo, a elo contribúe a asunción da presidencia, pola marcha de Cotarelo a Madrid, por parte do vello rexionalista e decano da Facultade de Dereito, Salvador Cabeza de León. Esta nova situación é caracterizada por Tobío da seguinte forma¹⁵:

Aos dous anos de terse fundado, xa era o Seminario a máis importante galaxia do pequeno cosmos intelectual galego [...] O Seminario era un alapeante fogar de entusiasmo e optimismo, de labor serio e desinteresado alentado por un activo amor á nosa terra. Pouco a pouco irá recadando axudas espirituais e materiais dentro e fóra de Galicia e gañando prestixio coa publicación dos seus estudos que o darán a coñecer en moitos sitios, establecendo vencillos con centros de Cataluña e Madrid e aínda de Alemania.

Pese a que, como vemos, o SEG buscou unha serie de contactos con institucións semellantes de dentro e fóra¹⁶ de España, este non foi un lugar pechado e só para eruditos, senón que procurou desde o seus comezos o contacto coas xentes de a pé. Para elo fomentou ciclos de conferencias, exposicións, lecturas públicas de traballos, xeirras... A súa biblioteca era de consulta aberta, e

supoñemos que debeu ter unha boa cantidade e calidade de libros porque moitos dos propios seminaristas, entre eles, como non, Tobío, eran subscritores habituais da mesma.

Para que as cousas marcharan era básica a existencia dunha serie de cimentos reflectidos na construción dun modelo¹⁷ de recollida de información e a exposición dos froitos do mesmo. É dicir, non valía soamente coa teoría, o Seminario debía ter unha aplicación práctica, palpable e real. Por ese motivo, achábase necesario para entrar no SEG a realización dun traballo orixinal e inédito sobre temas galegos que se complementaría cun traballo anual obrigatorio. Sen deixar de lado a recolección por parte dos socios, segundo indicación do mestre Cotarelo, dunha serie de fichas referentes a bibliografía¹⁸ ou iconografía galegas.

Como boa proba do mencionado, velaí deixamos unha relación dos traballos que elaborou un moi activo Tobío nos primeiros cursos de vida do SEG:

- Traballo de ingreso no SEG, 24 de novembro de 1923, “Algunhas moedas castelás atopadas no Valadouro¹⁹”.
- Traballo anual, curso 1923-1924, 22 de marzo de 1924, “Inventario dos bens de Froitoso de Ulloa²⁰”.
- Traballo anual, curso 1924-1925, 11 de outubro de 1924, “Proclamación de Felipe II en Viveiro”.

¹⁵ D.T.L., p. 130 e 210.

¹⁶ Mato, *opus cit.*, p. 59 e 85. Mostra destes vencillos son o ingreso no SEG de profesores portugueses e o intercambio con institucións do país veciño. E, a partir do curso 1926-1927, foméntase o troco con outras entidades científicas e culturais de España e do estranxeiro -óllese o listado das mesmas en Mato, *opus cit.*, pp. 205-212-, por exemplo, algún profesor de Xapón ou publicacións de Xerusalén. Véxase tamén as D.T.L., pp. 131-132 e 231-233. Tobío actúa coma cicerone xunto co seu compañeiro Ramón Martínez López nunha visita de Francisc Cambó ó SEG. Por outro lado, tamén contribúe o de Viveiro ó espallamento das relacións do Seminario cando lle introduce ás xentes da Institución a figura do profesor Gamillscheg, o cal coñecera na súa tempada de bolsaireiro en Berlín.

¹⁷ Vid. Para ollar como traballa o SEG. Xoán Xesús González, *Céltiga*, “Una visita al Seminario de Estudios Gallegos”, 25-I-1928.

¹⁸ Xosé Filgueira Valverde, *El Pueblo Gallego*, 23-VII-1926, portada, “A laboura etnográfica”. Aмосa Filgueira seis pasos eficaces para a recolleita dentro do SEG de bibliografía, catalogación, etc. . .

¹⁹ Galicia, nº 411, 25-XI-1923. Sobre o relatorio de ingreso de Lois Tobío no SEG. “*El trabajo del Sr. Tobío Fernández viene a demostrar cómo la Facultad de Filosofía y Letras ha ejercido su influencia en todas las ramas del saber histórico; rama tan difícil y descuidada por los gallegos como la Numismática medioeval, viene a cobrar impulso ante los trabajos del Sr. Tobío Fernández, joven tan modesto como estudioso. Comenzó su trabajo el Sr. Tobío dando cuenta del hallazgo de las monedas de que se va a ocupar, al reconstruir la iglesia de Adelan, en Val D’Ouro. Las monedas, a su valor puramente numismático, añaden el de probar la fecha de la edificación de la iglesia en que se hallaron; el señor Tobío solamente se ocupa del primero; más tarde enviará una comunicación al Seminario estudiando tal edificio y lo que sobre la fecha de su construcción esclarezca el segundo. Las monedas halladas pertenecen a los reyes Fernando III, Alfonso X y Alfonso XI y comenzando el disertante por las del primero encuentra en ellas algunas que presentan variantes más o menos grandes de las que Heiss cataloga en su obra y dos que llevan S como marca de cera y que prueba que fueron acuñadas en Segovia. De Alfonso X no figura más que una de una ceca desconocida, no catalogada por el autor citado, y entre las de Alfonso XI señala cuatro de las cecas de Burgos y Toledo, variantes de las que Heiss consigna. Preciso el Sr. Tobío la fecha de su acuñación, y la legítima atribución a tales reyes, así como la denominación de las monedas, que son todas de vellón aunque de ley variable. Fué ratificado socio numerario el disertante”.*

²⁰ Galicia, nº 467. Sobre o traballo titulado “Inventario dos bens de Froitoso de Ulloa”. “*La sesión del Seminario de Estudios Gallegos dedícase a la lectura del testamento de Froitoso de Ulloa, transcrito y anotado por el secretario de dicho centro, D. Luís Tobío Fernández, cultísimo escolar de la Facultad de Derecho de nuestra Universidad. Comenzó el conferenciante exaltando la memoria del insigne regidor compostelano que tan principal papel tomó en las luchas entre el señorío de los arzobispos y la ciudad de Santiago en el siglo XVI,*

- Traballo anual, curso 1924-1925, 8 de novembro de 1924. “Do Colexio Seminario de Viveiro²¹”,
 - Traballo anual, curso 1925-1926, 16 de xaneiro de 1926, “A eirexa románica de Santa María de Viveiro”.
 - Traballo anual, curso 1925-1926, 17 de abril de 1926, “Viveiro no século XVI²²”.
 - Traballo anual, curso 1926-1927, 20 de novembro de 1927, “Fonética gallega”. Primeira conferencia do cursiño do mesmo título.
 - Traballo anual, curso 1926-1927, 27 de novembro de 1927²³, “Fonética gallega”.
- Segunda conferencia do cursiño do mesmo título.
- Traballo presentado para a cátedra de Economía de Armando Castroviejo, “Testamento e inventario de D^a Ana de Toledo, Condesa de Altamira”²⁴, 1931.

En canto a este listado de traballos de Tobío que acabamos de enumerar por orde cronolóxica temos que precisar catro cousas. 1) Dos nove traballos que aquí recolleemos, cinco teñen algún tipo de vinculación co Viveiro²⁵ natal de Tobío ou coas comarcas lindeiras. 2) Dos mesmos, soamente

tipo tan solo comparable por su galleguismo al mariscal Pardo de Ceta. Poco se ha escrito sobre tan relevante personalidad, tan sólo López Ferreiro en su magna Historia, en la delicadísima novela A teceadeira de Bonaval y en Galicia en el último tercio del siglo XV nos ha dejado algunas notas sobre la biografía de tan recio luchador. Sin embargo, en los archivos compostelanos existen numerosos documentos que permiten rehacer su biografía y esta es la labor que se ha impuesto el señor Tobío Fernández, entusiasta de nuestros grandes héroes, afirmaciones potentísimas de la propia personalidad de Galicia. Esta comunicación del Sr. Tobío Fernández se reduce a la lectura del testamento e inventarios hechos a la muerte de Froitoso de Ulloa, pues en la mansión de este noble no faltaban paños de figuras, armaduras, alhajas de todo género, arcas de taracea y, sobre todo, copiosa biblioteca, puede reconstruirse no sólo el ajuar de dicho regidor sino los gustos y la cultura de la Compostela que llenó sus ideales. Tampoco faltan en dicho testamento preciosas indicaciones, políticas y sociales a más de numerosos datos genealógicos y biográficos que el disertante con su notable erudición analiza detenidamente. La labor del Sr. Tobío Fernández fue premiada con numerosos aplausos”.

²¹ *El Pueblo Gallego*, 9-XI-1924, p. 10: “En este trabajo estudia su autor las figuras preeminentes de varias personalidades gallegas del siglo XVI. Encarece la importancia del Colegio vivairense y dice al final que él no puede menos de recordar con cariño y reconocimiento, la figura de la ilustre fundadora del mencionado Seminario, doña María Sarmiento Rivadeneyra”. Cabe dicir que dito traballo publicouse posteriormente co título “Sobre la fundación del Colegio Seminario de Viveiro”, no *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, nº 170-171, 1-V-1925, pp. 52-58; nº 172, 1-VII-1925, pp. 87-90.

²² *El Pueblo Gallego*, 18-IV-1926, p. 9. “[...] El señor Tobío leyó un trabajo de antropogeografía histórica titulado Viveiro no século XVI [...] Luís Tobío Fernández nos ha deleitado ayer con la lectura de un trabajo sólido a la par que ameno. Trata de antropogeografía histórica y es una acabada visión de Viveiro en el siglo XVI, donde se estudian y muestran los más nimios detalles de su vida urbana. El erudito secretario del Seminario de Estudios Gallegos examina los aspectos más característicos de la vida vivairense, alguno de los cuales son verdaderos prodigios de erudición como el que estudia la peste en Viveiro. Además Tobío ha verificado detenidos estudios sobre la arquitectura tanto civil como religiosa de dicha ciudad averiguando la fecha exacta de muchas construcciones, entre ellas el célebre castillo del Puente. Tobío fue muy aplaudido al final de la lectura de su muy documentada labor”.

²³ Vilavedra, Dolores, “Entrevista a Luís Tobío Fernández”, *Fermin Bouza-Brey: Día das Letras Galegas 1992*. Santiago de Compostela, Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1992, p. 136. Manifesta Tobío: “Tocantes ao cursiño de fonética histórica do galego que eu dera, viña ser consecuencia da pluralidade de actividades a que tiñamos que adicarnos porque a tarefa era extensa e a xente pouca. Eu estudiara con Cotarelo no curso oficial fonética histórica do castelán, á que el lle daba moita importancia, e a min ocurriúseme estudar en paralelo, e pola miña conta, a do galego, e daí veu o de dar ese cursiño cun puro carácter de divulgación e elemental, sen máis pretensións, porque a filoloxía non era o meu eido”. Véxase tamén, Mato, *opus cit.*, p. 174. O autor erra ó situa-las dúas conferencias como pronunciadas na mesma data. Para unha datación correcta, véxase *Libro de Actas de las Sesiones del “Seminario de Estudios Gallegos” compuesto de 100 folios*. Santiago, 25-VI-1926. Para rematar a cuestión dos dous Cursiños de Fonética, *Seminario de Estudios Galegos: Dez cursos de traballo, 1923-1934*. Santiago de Compostela, 1934, p. 12. Sobre estes dous relatorios de Tobío dise: “[...] pondo deste xeitos os alicerces de unha idea que tería de recoller mais adiante a Universidade”. E *Nós*, nº 35, ano III, Ourense, 15-XI-1926, p. 16. “Curso de fonética en comparanza coa dos demais idiomas peninsulares”.

²⁴ *D.T.L.*, pp. 126-127. Inda que este traballo aparece mencionado nas *Décadas*, non figura no libro de Alfonso Mato porque non aparece recollido nas actas do Seminario. De feito, fixémonos co traballo grazas á recente catalogación e escaneado da totalidade dos Boletíns da Real Academia Galega, (na súa Colección de Documentos Históricos, no tomo II, 1931, inda que polo que se deduce nas *D.T.L.* debeu ser dos primeiros traballos redactados por Tobío; senón o primeiro) por parte da dita Institución, porque nunha consulta anterior a resposta no tocante á conservación do mesmo fora negativa, polo que o dabamos por perdido.

²⁵ *D.T.L.*, pp. 147-149. Non descansa o afán seminarista de Tobío nin no seu tempo de lecer. E no estío en Viveiro propónse, xunto co seu amigo Pepe Casariego, facer unha serie de pescudas no arquivo do concello, cousa que non lle acaeu moi ben ó daquela cronista oficial da vila, Xesús Noya, de quen se comentaba que levará para a súa casa moitos dos materiais citados en artigos seus, dos que despois non figuraba nin rastro no arquivo da cidade. Este presentou unha queixa ó concello alegando a intromisión no seu labor de Tobío e Casariego, pero o organismo municipal desbotouna respondendo que ata a data ninguén se preocupara polos estado dos documentos alí custodiados. O máis chocante do caso non foi a queixa, senón que o propio Lois Tobío e o seu compañeiro de choio se reunisen case a diario con Noya para falar de temas do pasado vivairense, amosando este sempre unha actitude cordial con aqueles, contraria a calquera presumible displiencia. Durante ese proceso de investigación foron moitos os materiais que Tobío atopou, entre eles, un preito con baleiros vascos que lle será útil para presentar un traballo no SEG, que será publicado máis tarde, tal e como vimos, nos *Arquivos*.

catro viron o prelo e os demais por desgraza non se conservan. Así, Lois Tobío publica, grazas ó seu labor no SEG e a axuda inestimable do arquivista do concello de Santiago e membro de número da Academia Galega, Pablo Pérez Costanti²⁶, en *Nós*, “Unhas moedas...” e “A eirexa de Santa María...”; no *Boletín da Real Academia Galega* “Sobre la fundación...” e “Testamento e inventario de D^a Ana...” 3) Tobío inda divulga outra investigación súa para o Seminario en 1927, por certo, tamén relacionada coa vila viveirense, “Aportazón ó estudo da Historia da pesca da balea nas costas de Galiza”, nos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* *I*²⁷. Pero este é un estudo feito ex profeso para ser editado e non se trata como noutros casos dun traballo anual de curso. 4) Como comprobaremos deseguido, estas actividades mencionadas non son as derradeiras achegas, nin moito menos, de Lois Tobío para o SEG. Pola contra, sucede que as demais contribucións tobianas encádranse dentro dunha serie de colaboracións interdisciplinares.

Antes de aproximarnos ós traballos colectivos de Tobío para o Seminario, temos que dicir que todas estas empresas individuais do ilustre viveirense insírense nunha serie de Seccións do Seminario²⁸, as cales, agás a de Historia Natural, non se entenden de xeito autónomo ata transcorridos os tres primeiros cursos, aparecendo un total de dez Seccións na Xunta Xeral de Socios do 12 de

decembro de 1926. Ditas Seccións²⁹ nas que se incluírían estas achegas tobianas serían a de Historia, Arqueoloxía e Historia do Arte e Filoloxía.

Xa comprobamos que no funcionamento do SEG eran importantes os traballos individuais, inda que tamén tiñan tanta ou máis importancia os estudos colectivos³⁰: “*Non era o Seminario unha sempre agrupación de seccións a traballar cada unha pola sua banda no seu, arredadas, sinón que se achaban avencelladas, malia a natural autonomía de cada unha. Ese avencellamento xurdía do feito de pertenceren moitos membros a varias seccións [...]*”. Como vemos, as Seccións do Seminario nunca tiveran uns lindes moi marcados, xa que moitos dos integrantes participaban ó mesmo tempo en varias das Seccións creadas a partir do curso 1926-1927³¹: “*No Seminario, as cousas ían vento en popa. Reformáranse os estatutos para axeitalos aos novos tempos e ás novas e máis amplas angueiras. Arrombárase o pouco que inda podía quedar nel de centro ou academia ao vello estilo, e collera xa resoltamente un rumbo vital e moderno cun maior énfase nos traballos en equipa, de campo e interdisciplinares*”.

Seguindo a tónica xeral, tamén Lois Tobío toma parte activa nestas tarefas compartidas³², así acontece no caso da publicación dun “Vocabulario Popular Galego-Castelán”³³ en *El Pueblo Gallego*,

²⁶ *D.T.L.*, pp. 126-127. Grazas á figura de Pablo Pérez Costanti, arquivista do concello de Santiago, que estaba mergullado na escrita de *Notas Viejas Galicianas*, achou Lois Tobío un expediente dos tempos de escolar doutro viveirense ilustre, Pastor Díaz, e puido escribir un artigo no *Heraldo de Viveiro* –o mesmo non se conserva porque é case que imposible atopar números do xornal anteriores á Guerra Civil–. E tamén por medio de Costanti soubo do testamento dunha condesa de Altamira do século XVI, Ana de Toledo, que, xunto con outro documento do mesmo tipo dun home modesto tamén dese século [supoñemos que Tobío se refire ó traballo “Inventario dos bens de Froitoso de Ulloa], deulle para elaborar un esbozo das condicións de vida e a situación social e económica, que presentou á cátedra de Economía dirixida por Amando Castroviejo. O mesmo Tobío mandará publicar na Academia Galega o testamento de dona Ana de Toledo, que sae do prelo nesa ilustre institución xunto o traballo “Sobre la fundación del Colegio Seminario de Viveiro”.

²⁷ *Céltiga*, “A xuntanza anual do Seminario de Estudos Galegos”, 10-VI-1927. Dise, de maneira xenérica, que nos *Arquivos* do SEG, Tobío vai publicar uns “Estudos sobre Viveiro”.

²⁸ Mato, *opus cit.*, pp. 37 e 60.

²⁹ *Dez cursos de traballo (1923-1934)*. Santiago de Compostela, Seminario de Estudos Galegos, 1934, pp. 35, 36, 38, 41, 48, 82 e 85. Numismática, traballos inseridos dentro da Sección de Historia, dirixidos por Bouza Brey e onde Tobío colaboraba. E tamén no apartado de Historia Social, onde Tobío e Lourenzo Fernández estudan as crases sociais na Idade Media –inda que en páxinas posteriores só se atribúen eses estudos a Lourenzo Fernández–. E dentro da Historia Eclesiástica, sobre aspectos illados do ensino en Galicia: o Colexio Seminario de Viveiro. Sección de Arqueoloxía e Historia do Arte. Investigación do románico nos mosteiros e nas igrexas rurais menciónase a Lois Tobío xunto con Filgueira Valverde, Fernández Oxea, González García... Sección de Filoloxía. Conferencias sobre Fonética Galega. E por último, nas publicacións no eido da Sección de Historia adxudicánselle dous traballos a Tobío. O da “Aportazón ó estudo da historia da pesca de balea nas costas de Galiza”, e o de “A eirexa de Santa María de Viveiro”.

³⁰ Lois Tobío, “A Socio-economía”. *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Cuadernos do laboratorio de formas de Galicia. Sada, Edicións do Castro, 1978, p. 83.

³¹ *D.T.L.*, p. 258.

³² Mato, *opus cit.*, p. 57. Non incluímos o encargo para que Lois Tobío e Filgueira Valverde estuden a posibilidade da elaboración da edición crítica do *Cancioneiro Colocci-Brancutti*, Sesión do 23-X-1925, porque este nunca se concretou.

³³ *El Pueblo Gallego*, “Vocabulario Popular Galego-Castelán”, 4-VII-1926, data na que albiscamos a primeira referencia do Vocabulario entre os exemplares dispersos deste xornal que se conservan na Biblioteca Xeral da Universidade de Compostela, ata abril de 1928, momento no que se interrompe a publicación do “Vocabulario”, segundo Eduardo Pardo de Guevara y Valdés “El Seminario de Estudios

xunto con Filgueira Valverde, Magariños Negreira e Cordal Carús.

Con todo, estas achegas de biblioteca en grupo, por así chamalas, non eran suficientes para os integrantes do SEG que se amosaban dispostos a pasar á acción e estudar *in situ* algunhas das comarcas galegas a través dunhas campañas de investigación ou xeiras³⁴. Vexamos o que nos di Tobío sobre as mesmas: “[...] *iamos todos en equipo e todos botábamos man e por duas razóns: primeiro pola necesidade de facer estudos de integración e outra porque tiñamos pouca xente e había que axudar en todo; así, un da Facultade de Ciencias tomaba fotografías dunha fachada románica ou dun castro ou axudaba a facer algunha excavación*”.

A primeira desas viaxes de investigación foi a Monforte, en verán de 1926, e no ano seguinte varios membros do Seminario acudirán a terras de Carballiño e Ribeiro. Inda que non será ata 1928, na compañía pola comarca do Deza, cando participen por primeira vez tódalas Seccións do SEG. Lois Tobío, como non podía ser doutra forma, participará no verán de 1929 pola xeira á Terra de Melide³⁵, publicada co mesmo título nun volume en 1933. Na mesma a función de Tobío será de catalogar castros, inseríndose o seu traballo no capítulo a “Prehistoria de Melide”, e tamén aportou o seu gran de area no da “Arqueoloxía relixiosa de Melide”.

Non remataron acó as ocupacións de Lois Tobío no SEG. Por iso no ano 1930³⁶ farase cargo, en calidade de director, da recentemente creada Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, que xa contaba coa presenza de Risco, Carballo Calero, Asdrúbal Ferreiro Cid, Alexandre Bóveda, Valentín

Paz Andrade... A Sección nacía para adaptarse ós novos tempos, xa próximos á chegada da II República. Tamén no SEG existía unha boa base nos estudos de tipo histórico e arqueolóxico, pero no eido dos estudos de tipo social, xurídico e económico, partíase case de cero, polo que así ocuparíanse de novas áreas menos investigadas e divulgadas en Galicia e conseguían cubrirse ocos que outras Seccións non podían encher³⁷:

Nos traballos das outras seccións –encol de todo as de Historia e Antropoloxía– había ás veces aspectos que correspondían ao social, xurídico ou económico. Mais chegou un tempo en que se xugou que este tipo de traballos debía constituir unha sección de seu. I en 1930 esta Sección escomezou a traballar con autonomía. Moitos dos estudos que se encetaron daquela tiñan carácter histórico, derivando da situación anterior. Temas tais coma o dos castros na orixe das parroquias, ou as crises sociais en Galicia na Edade Meia, ou a cuestión dos cotos e xurisdicións galegas na Edade Moderna ou os gremios e pesca no pasado ocuparon aos investigadores integrados nesta Sección. Pra levar a termo traballos serios encol da realidade actual atopábase entón dúas fortes pexas: a falla de estadísticas completas e fiables e a escaseza de especialistas preparados e de estudos anteriores dos que poder arrincar [...] Hai que engadir, por de remate, tamén se encetaron traballos nesta Sección sobor da economía agrícola e gandeira polo membro señor Fernández Osorio i encol dos aspectos industriais e fiscais da Terra de Deza dentro da serie traballos de conxunto.

Como non hai mal que mil anos dure, a ditadura chegaba a súa fin e albiscábase o retorno

Galegos. Auge, ocaso y continuidad”, *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, p. 676-. *Vid.* tamén, *Dez cursos de traballo...*, p. 45. O “Vocabulario” insírese na Sección de Filoloxía, nas investigacións lexicolóxicas.

³⁴ Xan Carballa, “Luis Tobío: Falar da entrega sumisa de Galiza ao fascismo é unha falacia histórica”. *A Nosa Terra*, nº 1, 2-III-1987, p. 52. Véxase o que nos di Vilavedra, *opus cit.*, p. 134. “*O percorrido de camiño a Ortoño foi un anticipo das xeiras, que con outro enfoque e outros medios, faría o ?Seminario! máis adiante*”.

³⁵ *D.T.L.*, p. 155. Dinos Tobío que o seu compañeiro de habitación na xeira por Terras de Melide foi Ricardo Carballo Calero. Pero, segundo se apunta en Xosé Filgueira Valverde, *Terra de Melide*, “Limiar da segunda edición”. Sada, Edicións do Castro, 1978, p. IX, nas tres campañas que se fixeron en Melide no verán de 1929 non figura para nada a persoa de Carballo Calero. Lois Tobío participou na de xuño, xunto con Taboada Roca, Antón Fraguas, Cuevillas, Risco, Pedrayo, Xosé Pena, César Torres e González Salgado. Por outra banda, no índice onomástico non aparece o nome de Carballo Calero. *Vid.* tamén, Mato, *opus cit.*, p. 131, parece que estes foron os primeiros traballos dese tipo feitos en Europa, e a única xeira recollida nunha publicación.

³⁶ *Dez cursos de traballo...*, pp. 13, 60 e 61. Dise erroneamente que a Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas se creara no curso 1927-1928. Inda que páxinas máis adiante se datase correctamente e mencionase o curso 1930 como a súa orixe. Entre as investigacións da citada Sección, das que se ocupou Tobío, figura o estudo da organización de Galicia na Idade Moderna, encargándose da análise dos Concellos. Tamén se ocupará das Institucións Culturais e os gremios e a pesca. E non esquezamos nunca a súa grande achega nesta área na súa tempada no SEG, o I Anteproxecto de Estatuto para Galicia.

³⁷ Lois Tobío, “A Socio-economía”, *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Sada, Edicións do Castro, 1978, p. 84.

³⁸ *D.T.L.*, p. 168.

dunha solución democrática. Xa que logo, o SEG non tiña que agocha-los seus azos e angueiras a prol do futuro político da nosa terra e tomaría xa partido de contado e abertamente polos degoiros autonomistas³⁸:

O Seminario, aunque non era político en sentido estricto, infundía un interés e amor cara a nosa terra que había ter a súa repercusión no político para os que comezábamos. Doutra banda, nel entraran moitos galeguistas, desde vellos rexionalistas, coma Cabeza de León, o seu presidente, ata xente das irmandades, nacionalistas netos. Foi o contacto coeles, lecturas e reflexións o que, pouco a pouco, espertara en min, coma moutros compañeiros de entón, o sentimento da galegitude, a conciencia de pertencer a un grupo con características de seu que o ensino oficial nos acochara.

Polo que ó ano seguinte de constituída a Sección, xa en tempos da II República e con anterioridade á aprobación da Constitución desta, Tobío recibe o encargo máis importante da súa vida, que non é outro ca redacción do I Anteproxecto de Estatuto para Galicia.

Tan só dous anos despois do cumprimento desta magna empresa, motivos profesionais levaban a Lois Tobío lonxe do seu amado Seminario³⁹, inda que sempre ficaría xunguido a el mediante o posto de membro permanente do seu Consello Directivo e polos contactos epistolares cos seus compañeiros de angueiras.

Será logo dende unha terra allea a Galicia, aínda que Tobío volvera a España reclamado polo Goberno Republicano, dende onde se faga eco, entre outras malas novas, da desaparición⁴⁰ baixo a

gadaña franquista do seu SEG⁴¹, incautado porque se identificaba coa autonomía, a república e o galeguismo:

Tamén me enteirarei da morte do noso Seminario de Estudos Galegos que con tanta ilusión fundáramos unha ducia de anos atrás e que, malia a defensa teimuda que de el fará don Xesús Carro, meu benquerido e lembrado don Xesús, será expoliado, roubado e desfeito aunque máis adiante tentarán, cicais movidos do remordimento, crear algo semellante, pero limitado e sen o espírito que animara ao noso, con algunhas táboas salvadas do naufraxio.

Xa co trebón fascista asentado en España e con moitos dos membros do Seminario exiliados, represariados ou mortos⁴², óptase por tentar unha recuperación de maneira *sui xeneris* das faíscas e a memoria do malfadado SEG⁴³, por medio da creación do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos⁴⁴, dependente do CSIC de Madrid, que xa non posuía o espírito cordial e democrático que tiña o seu antecesor, no cal se integrarían algúns dos membros do Seminario que ficaran en Galicia. Sobre o mesmo apunta Tobío: “*Eu, xa que logo, non me sentía identificado co proxecto do ‘Instituto Padre Sarmiento’, aínda que pode entender que fose daquela un mal menor [...] De tódolos xeitos, a nova institución pouco tiña que ver co vello ‘Seminario’, fóra de terse apropiado dos seus bens’.*”

Emporiso, a vinculación de Lois Tobío co Seminario non finará aí, e a roda da vida nunha das súas voltas permitiralle presidir un restaurado SEG⁴⁵ co devir da democracia, xa nos serodios

³⁹ Mato, *opus cit.*, p. 90. Comenta que Lois Tobío deixa o seu cargo como Director da Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas i Económicas por mor do seu ingreso na carreira diplomática, así consta na acta da Sesión do 7-XI-1933, sendo substituído, sen saberse exactamente cando, polo profesor da Facultade de Dereito Juan López Durá, como figura nunha nota das derradeiras Sesións do Seminario, entre abril e maio do fatídico 1936. Segundo *El Compostelano*, 28-III-1934, p. 2, óllase como se convoca unha reunión no SEG para cubri-la baixa de Tobío como director da Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas.

⁴⁰ Sobre a incautación do Seminario véxase, Isaac Díaz Pardo. *Galicia Hoy y el resto del mundo*. Sada, Edicións do Castro, 1990, pp. 53-81.

⁴¹ *D.T.L.*, p. 438.

⁴² Mato, *opus cit.*, pp. 132, 233-236. Setenta e sete socios do Seminario foron asasinados, represariados ou tiveron que exiliarse.

⁴³ Francisco Díaz-Fierros, *Isaac Díaz Pardo: creación e compromiso na Galicia do século XX*. A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, 2006, p. 405. Relátanos as diversas tentativas de reconstrución e os apoios dende América, onde a morriña pola desaparición do Seminario era constante. O intento de reorganización por parte de Rodolfo Prada en 1943. O feito de poñer o anagrama e pé de imprenta do SEG, ás *Cruces de Pedra na Galiza* de Castela. A iniciativa de recrealo por parte de Antón Baltar no ano 1956, presidente da AGUEA, quen ata se trasladou a Galicia con tal motivo, sendo convidado pola Brigada Político Social para que abandonase España.

⁴⁴ Vilavedra, *opus cit.*, p. 138.

⁴⁵ Convértese a finais de 1989, e tras a morte de Ramón Martínez López, Lois Tobío no Presidente do Consello do restaurado Seminario de Estudos Galegos. Véxase tamén *D.T.L.*, p. 698. Cando se restaure non será unha figura pasiva Tobío, unha reliquia, senón que tentará aportar os seus coñecementos de forma activa. Neste novo SEG, contribúe, entón, nos anos oitenta, coa publicación de dous libros patrocinados polo Seminario. *A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca*, e *Gondomar y los católicos ingleses*.

anos da súa longa andaina, e grazas ós pulos e iniciativa do seu vello amigo e mecenas Isaac Díaz Pardo. O que nos manifesta Tobío encol desa decisión⁴⁶ dista moito da súa opinión sobre o Sarmiento:

Pretende continuar o espírito da vella institución polo seu carácter interdisciplinar e a súa entrega a Galicia, procurando ocuparse de temas que non entran no círculo de interese doutras institucións. En canto ao seu rol específico, coído que é xa importante e prometedor e que pode extender a súa esfera de acción e aprofundar na súa actividade se recibe a axuda e colaboración que recibiu o primeiro 'Seminario'.

UN LABOR XULGADO⁴⁷

As tarefas do SEG bandeaban cara á formación de promocións de investigadores e o Seminario contribuíu á creación dunha xeración cultural única, que de non ser polo trebón fascista

de 1936, quen sabe aínda o meirande rol que terían desenvolvido a prol da mellora da nosa cultura.

Lois Tobío foi un home do Seminario e identificouse de cheo con el. No SEG encetou a súa misión investigadora e nel achou os seus mellores mestres, vínculos persoais, culturais, políticos... Coma outros dos seus compañeiros seminaristas de angueiras, non se cinguiu soamente a un campo de estudo e coñecemento, o que se reflicte ben no resto da súa andaina vital. O seu labor foi coma sempre calado, constante, humilde, lonxe de todo protagonismo, inzado en cambio da irmandade, principal característica do Seminario.

Tobío no exilio e no país mantívose sempre fiel ó traballo e espírito do Seminario. Os coñecementos e experiencias vividas no SEG, as xentes coñecidas, as inquietudes e tarefas compartidas, o saber aprendido, a liberdade roubada, encheran o fardel seminarista de Tobío, cunha obra como a do Seminario, galega e universal, durante a súa longa e frutífera vida.

Vid. tamén, Díaz-Fierros Viqueira, Francisco: "Lois Tobío, memoria e guieiro para o novo seminario", Homenaxes a Lois Tobío: Madrid, 13 xuño do 2001; p. 33. Cántanos Francisco Díaz como ó reconstituírse o Seminario, Tobío achegou o seu libro: A intervención de Gondomar nos problemas internacionais da pesca. Unha achega histórica de vital importancia para a área de Ciencias Mariñas que ata entón só utilizara metodoloxía das ciencias naturais, físicas ou químicas.

⁴⁶ Vilavedra, *opus cit.*, p. 138. Ollemos tamén a Exposición de Motivos dos Estatutos do Novo Seminario de Estudos Galegos, aprobados en 1979: "*O novo Seminario de Estudos Galegos, con plena consciencia da necesidade de afirmación cultural que hoxe se vive en Galicia e da falta dun labor de coordinación na promoción e desenrolo da cultura galega en tódolos seus eidos, e intentando recolle-lo nome, e o espírito e as inxerencias do seu inesquecible precedente histórico, procura asumir tal tarefa, tomando como eixo da súa liña de investigación a realidade galega no seu mais amplo sentido. Como no vello Seminario, a utilización da nosa lingua representa un elemento necesario prá normalización da cultura galega*".

⁴⁷ Marga Romero, "Conversa con Lois Tobío", *Galicien Magazin*, nº 8, novembro de 1999, p. 42. Sobre o labor desenvolvido por Tobío no SEG: "*Eu so un dos fundadores, de maneira que non quero autoxulgarme, iso teñen que facelo outras persoas*".